

CEIP DO BOLO



PLAN ESPECÍFICO DE ACTIVDADES EXTRAESCOLARES.

**PROXECTO DE ORGANIZACIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DA
XORNADA LECTIVA EN SESIÓN ÚNICA DE MAÑÁ.**

ÍNDICE

1. Denominación e datos oficiais do centro	páx.3
2. Introducción e contextualización	páx.4
3. Xustificación do proxecto	páx.5
4. Niveis educativos e persoal docente	páx.9
5. Horarios propostos	páx.10
6. Obxectivos a acadar coa xornada única	páx.10
7. Organización do centro co novo tipo de xornada	páx.13
8. Organización dos servizos educativos complementarios	páx.15
9. Proxecto de actividades extraescolares	páx.16
10. Avaliacións	páx.21
11. Reflexión final	páx.21

DENOMINACIÓN DO CENTRO E DATOS OFICIAIS

- Colexio de Educación Infantil e Primaria do Bolo (CEIP do Bolo).
- Código do Centro: 32015098
- CIF: Q8255218C
- Enderezo: Rúa César Conti s/n, 32373, O Bolo (Ourense)
- Teléfono e Fax: 988323047
- Enderezo electrónico: ceip.dobolo@edu.xunta.es
- Páxina Web: www.edu.xunta.es/centros/ceipdobolo/

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Este proxecto xurde como resposta á crecente demanda de numerosos membros da comunidade educativa, que solicitan unha modificación no horario escolar, tratando de aproveitar mellor as horas de maior rendemento académico, favorecendo a conciliación da vida familiar e procurando un horario semellante ós centros da nosa contorna que favoreza unha xestión educativa a longo prazo, unha estabilidade no profesorado do centro así como unha continuidade na xestión actual do servizo de comedor.

O noso Proxecto Educativo ten como derradeiro obxectivo acadar a educación integral dos nosos alumnos/as. Con esta premisa planificamos o mellor aproveitamento dos recursos dos que dispomos para ofrecer unha ensinanza de calidade, atendendo as necesidades individuais para que cada un dos nosos alumnos/as poidan acadar satisfactoriamente o desenvolvemento das diferentes competencias clave.

Na actualidade, as institucións educativas deben estar abertas ós cambios que continuamente formula a sociedade actual. Hoxe en día atopámonos cunha sociedade en continua evolución na que a escola non é o único referente educativo, senón que a maioría das familias buscan actividades extraescolares de todo tipo para completar a formación educativa dos seus fillos/as.

Mantendo o principio exposto valoramos tamén de forma moi positiva que os nosos alumnos/as se poñan en contacto con materias non regradas, aínda que si poidan ser

complementarias do seu currículo, que lle proporcionen unha actividade gratificante xa que a rigidez dos esquemas escolares apenas o permite dentro do horario lectivo.

Todo o anterior promove unha formación integral do alumno/a, e para que se leve a efecto, é moi necesario que se estableza unha xornada escolar que o posibilite. O Claustro de mestres, o Consello Escolar, a ANPA e a gran maioría de pais e nais, consideramos que a xornada escolar continua é a que reúne os requisitos para que isto se produza, xa que permite unha distribución máis racional do horario escolar, tanto para as actividades de aula como para o desenvolvemento de actividades formativas en horario extraescolar.

XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

XUSTIFICACIÓN LEGAL DA MODIFICACIÓN DA XORNADA ESCOLAR DO CENTRO

Para a implantación da Xornada lectiva en sesión única de mañá, seguimos as directrices marcadas na lexislación vixente:

- **Orde do 29 de maio de 2008** pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados. (DOG, 06/06/08).
- **Capítulo V. punto 2.1.5. da Orde do 22 de xullo de 1997** pola que se regula a organización e funcionamento dos centros de infantil e primaria. (DOG, 02/09/97).

XUSTIFICACIÓN DA XORNADA LECTIVA EN SESIÓN DE MAÑÁ

Que nos move a solicitar a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá para o curso 2018/19?

- Corroborouse coa administración que o cambio de xornada non ten relación directa na supresión ou modificación dos recursos educativos complementarios ofertados polo centro (Comedor Escolar e Transporte Escolar). O servizo de recursos educativos complementarios da xefatura territorial de Ourense emitiu un informe favorable sobre o cambio de xornada do centro.
- A proposta feita por diferentes familias.
- A realización dunha enquisa na que a inmensa maioría das familias decantáronse por unha xornada continua.
- A necesaria adaptación a un horario semellante ós distintos centros da comarca.
- A constatación en votacións anteriores dunha maioría absoluta para a realización do cambio.

Criterios xerais para a modificación da xornada escolar:

A realidade social atópase sumida nun momento de cambio constante que afecta a tódolos aspectos da vida social, e polo tanto, á escola. Esta, ao igual que todos os organismos e institucións, non pode quedar ao marxe senón que, pola contra, ten que adecuarse, dentro das súas posibilidades, ao que a sociedade demanda en cada momento. A proposta que esta Comunidade Educativa fai sobre a implantación da xornada continua, está fundamentada nos seguintes criterios:

a) Criterios psicopedagóxicos:

- O rendemento escolar é maior durante a xornada lectiva en sesión de mañá que nas horas inmediatamente posteriores á comida por razóns fisiolóxicas obvias.
- Non hai interrupcións horarias que prexudiquen a atención, pola contra o alumnado está na clase nos períodos de maior rendemento.

- A disposición de máis tempo libre pola tarde debe contribuír a incrementar progresivamente a capacidade de autonomía na aprendizaxe por parte do alumnado, favorecendo a súa capacidade de organización e autocontrol.
- Mellor aproveitamento do seu tempo de lecer e as súas horas de estudo.
- Procurar a optimización no rendemento escolar do alumnado e do traballo do profesorado.
- Posibilita que as actividades formativas extraescolares constitúan, fronte ás estritamente regradas e de carácter intelectual, un atractivo para o cambio de actitude e motivación por parte dos alumnos ao non ter carácter de obrigatoriedade e, ao mesmo tempo, posibilita unha elección máis acorde cos seus intereses, inquietudes e habilidades, que quizais lle proporcionen unha maior satisfacción. Estas actividades formativas cumprimentan a educación integral do alumno/a: sendo este o obxectivo último de todo o proceso educativo.
- Posibilitar a aqueles alumnos que o desexen o dispor de máis tempo para o seu estudo persoal e para profundar naqueles temas que sexan do seu interese.
- Permite unha vida familiar e escolar máis organizada, conciliando a vida familiar e escolar.
- Mellor distribución das actividades. Pola mañá, para as curriculares e pola tarde, para as extraescolares.
- O alumnado pode realizar as actividades extraescolares cun horario máis flexible.
- Favorece o dereito que teñen os nenos/as gozar do tempo de lecer.
- Posibilita unha educación máis integral xa que da a posibilidade de elixir con máis liberdade diferentes propostas que se lles poidan plantexar e que as actividades formativas extraescolares constitúan, fronte ás estritamente regradas e de carácter intelectual, un atractivo para o cambio de actitude e motivación por parte dos alumnos o non ter carácter de obrigatoriedade e, o mesmo tempo, posibilita unha elección máis acorde cos seus intereses, inquietudes e habilidades, que quizais lle proporcionen unha maior satisfacción.
- Para os nenos/as de menor idade tampouco representa estar máis cansos e cansas que co horario continuo, xa que se alternan actividades que requiren maior concentración con outras máis lúdicas, seguindo a curva de fatiga de Emil Kraepelin, si adoitan estar moito máis cansos despois de comer.
- Co horario continuado o paso ó instituto non supón unha ruptura tan significativa cos hábitos de estudo do colexio. Facilítase así a adaptación dunha etapa á outra.

- O mesmo sucede cos nenos/as habituados a ir a escola infantís, que polo xeral van as clases só de mañá, facendo deste xeito a transición entre etapas máis doada.
- A xornada continua non supón unha redución da xornada escolar nin para o alumnado nin para o profesorado, senón unha ampliación das posibilidades formativas, xa que as tardes ofrécense como unha alternativa na formación segundo as afeccións e intereses dos nenos/as nas actividades extraescolares.
- A xornada continua permite sacarlle un maior aproveitamento ás instalacións e recursos do Centro. O horario de apertura é máis amplo e pódese aproveitar máis a Biblioteca-Ludoteca do mesmo.
- Ó comer, cando remata a xornada “curricular”, o xantar faise dun xeito máis relaxado. Coa xornada partida prodúcese un desaxuste de horarios no xantar entre os días lectivos e os fins de semana, nos que adoitase comer máis tarde.
- A chegar a escola aos modelos utilizados na maioría de España e en Europa.

b) Criterios socio-familiares:

Cabe salientar que as relacións familiares veríanse amplamente favorecidas xa que, ademais de mellorar a convivencia, tamén facilitaría a organización horaria das familias,.

Entendemos que a familia é o primeiro axente socializador onde o suxeito nace e se desenvolve.

Polo tanto, se conseguimos unha melloría nos tempos da vida familiar:

- A progresiva xeralización dos horarios de xornada continua e incluso traballos de media xornada fan que a xornada escolar non coincida cos horarios laborais comúns.
- O crecemento da demanda por parte das familias doutras actividades en horario extraescolar, que favorezan a formación dos seus fillos, encamiñadas á utilización racional do tempo libre.
- Incrementase o número de horas de convivencia cos membros da unidade familiar, mellorando aqueles aspectos educativos do almorzo e da comida como uns tempos aproveitables enfocados á educación en valores e condutas, dende a familia, o que favorece a comunicación entre pais e fillos e serve de base para a implicación activa dos pais e nais na educación dos seus fillos.
- Axuda a un mellor coñecemento dos fillos/as no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Mellorarían as relacións escola-contorna, creando actitudes máis abertas, positivas, colaborativas, participativas...

- Axuste do horario escolar ao horario dos centros de Secundaria. Na actualidade moitos alumnos teñen irmáns en Educación Secundaria, con horario lectivo de mañá que finalizan sobre 14:30 horas.
- Diminución no tempo invertido nos desprazamentos.
- Unha mesma xornada para todo o curso escolar, o que supón unha maior facilidade de organización para as familias.
- Maior dispoñibilidade e adecuación horaria para asistir á oferta de actos culturais e educativos que organizan o Concello , a ANPA ou outras ofertas culturais e deportivas.

c) Outros criterios:

- Maior aproveitamento das instalacións públicas, xa que o centro permanecerá aberto durante máis horas para o seu uso.
- As institucións terán a posibilidade dunha maior participación.
- Economízanse recursos humanos e materiais cunha mellor planificación das actividades.
- O desenvolvemento socio-económico e cultural fai posible a existencia doutras múltiples opcións de carácter público e privado que amplían a oferta de actividades á marxe do Colexio, xa que o concello e a súa contorna está dotada de diferentes centros culturais e deportivos.

NIVEIS EDUCATIVOS E PERSOAL DOCENTE

UNIDADES DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA FUNCIONANDO NO CURSO 2017/18:

Na actualidade o centro conta con tres unidades; unha de educación infantile que agrupa a alumnos dos tres niveis da etapa, e dúas de educación primaria que agrupan ao alumnado do 1º, 2º e 3º nivel por unha parte, e por outra parte ao alumnado do 4º, 5º e 6º nivel da etapa.

PERSOAL DOCENTE:

Especialidade	Número de profesores
• Ed. Infantil	1
• Ed. Primaria	0
• F.F	0
• F.I.	1
• E.F.	1
• E.M.	1
• P.T.	0
• A.L.	1 compartido
• Dto. Orientación	1 compartido
• Relixión católica	1 compartida
• Coidador/a	0
TOTAL	7

NÚMERO DE ALUMNADO ESCOLARIZADO:

Na actualidade o centro conta con 22 alumnos escolarizados.

HORARIOS PROPOSTOS

HORARIO LECTIVO PROPOSTO PARA O CURSO 2018-2019:

De luns a venres de 09:30 horas a 15:30 horas

CADRO DE HORARIO LECTIVO E DE ACTIVIDADES

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Docente	9:30 a 14:30	9:30 a 14:30	9:30 a 14:30	9:30 a 14:30	9:30 a 14:30
Comedor	14:30 a 15:15	14:30 a 15:15	14:30 a 15:15	14:30 a 15:15	14:30 a 15:15
Saída	15:15 a 15:30	15:15 a 15:30	15:15 a 15:30	15:15 a 15:30	15:15 a 15:30

CADRO HORARIO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DO CENTRO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª sesión	15:30 – 16:30	15:30 – 16:30	15:30 – 16:30	15:30 – 16:30	15:30 – 16:30
2ª sesión			16:30 – 17:30		

OBXECTIVOS ACADAR COA XORNADA ÚNICA

A autonomía organizativa do Centro, nun aspecto tan importante como é a regulación da xornada escolar, precisa estar ben fundamentada e por iso terá en conta criterios psicolóxicos, pedagóxicos, organizativos e de tipo social.

OBXECTIVOS XERAIS:

- Conciliar a vida educativa coa vida laboral e familiar.
- Ofrecer un horario máis aberto que facilite a asistencia ás actividades ás que polos horarios anteriores non se podía asistir.
- Ofrecer un maior abano de atención as familias.
- Mellor acceso ás actividades complementarias e extraescolares.
- Facilitar e estimular a convivencia e as relacións familiares.
- Facilitar ó profesorado unha mellor distribución do tempo para a súa formación e reciclaxe e para a elaboración de novos proxectos.
- Ofrecer o uso da Biblioteca-Ludoteca Escolar como lugar socializador, de consulta, lectura e xogo fóra das horas de clase.
- Unificar horarios lectivos cos nosos centros de referencia (IES), favorecendo a organización da vida familiar.
- Contribuír a unha maior estabilidade do profesorado no Centro, axudando así á consolidación de plans e proxectos que melloran a calidade do ensino.
- Posibilitar ás familias que así o desexen, que os seus fillos/as permanezan unha hora (luns, martes e xoves) ou dúas (mércores) máis no Centro.
- Potenciar as aprendizaxes e a adquisición das competencias clave dos nosos alumnos/as, así como a formación permanente de todo o equipo docente.

- Considerar ó Centro escolar como un lugar de traballo ó tempo que se descubre como un entorno lúdico-educativo.
- Aproveitar as tardes, en especial no período invernal.
- Posibilitar o achegamento dos nenos/as ás familias.
- Reducir de xeito considerable os tempos de patio despois da comida. Isto é importante, dado que a climatoloxía é, durante bastantes meses, adversa.
- Favorecer o aproveitamento e rendemento académico dentro da xornada de mañá. Polas tardes acúsase máis a fatiga.
- Evitar a dispersión e esforzo de recuperar a concentración para o desenvolvemento das actividades que causan as casi dúas horas que separan os dous períodos lectivos actuais.
- Aumentar o tempo de traballo real xa que reducimos o número de saídas e entradas.
- As últimas sesións da mañá serían de maior rendemento escolar que pola tarde. O alumnado terá períodos máis continuos tanto para o estudo como para desenvolver outra serie de habilidades e capacidades (xogos, lectura, música...)
- Ó concentrarse as actividades de tipo académico durante a xornada de mañá, a tarde quedaría para o tempo de lecer e disfrute persoal ou tarefas escolares.
- Posibilitar unha ampla oferta de distintas actividades tanto lúdicas como educativas que poidan complementar a formación.
- Dinamizar o uso da Biblioteca-Ludoteca escolar, ó permanecer abertas máis tempo, facilitando a lectura, os xogos educativos, a convivencia, a consulta... estando vixiada por profesorado do Centro.
- Igualar o horario do Centro cos da contorna.
- Favorecer o paso ó instituto habituando ós alumnos/as á xornada única.
- Facilitar o descanso despois de comer, en especial para os alumnos/as de Educación Infantil, que poden beneficiarse de períodos de sesta na casa.

ORGANIZATIVOS

- Aprender a facer un uso máis racional do seu tempo.

- Maior implicación do profesorado, xa que a xornada continua favorece o perfeccionamento e reciclaxe do profesorado no horario da tarde.
- Reducir as molestias que supón para as familias que teñen que acompañar ós seus fillos/as catro veces ó día ó colexio.
- Aproveitar de xeito óptimo os recursos e instalacións do Centro: tanto as dependencias como os recursos materiais de que dispón.
- Manter os servizos e prestacións educativas do colexio, á vez que aumentar o número de actividades que o alumnado pode realizar fóra do horario lectivo.

DE TIPO SOCIAL

- Posibilitar á toda a Comunidade Educativa unha mellora na calidade de vida.
- Adaptar o horario escolar ó horario laboral das familias.
- Favorecer que o alumnado pase un maior tempo coas súas familias, enriquecendo as relacións.

ORGANIZACIÓN DO CENTRO CO NOVO TIPO DE XORNADA

AGRUPAMENTO DO ALUMNADO

Durante o horario lectivo a mesma organización que figura no apartado dos niveis educativos impartidos no Centro.

HORARIO DAS SESIÓNS DOCENTES

1ª SESIÓN	DE 9:30 A 10:20
2ª SESIÓN	DE 10:20 A 11:10
RECREO	DE 11:10 A 11:40
3ª SESIÓN	DE 11:40 A 12:30
4ª SESIÓN	DE 12:30 A 13:20
PLAN LECTOR	DE 13:20 A 13:40
5ª SESIÓN	DE 13:40 A 14:30

ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO

Horario lectivo durante todo o curso académico:

- Cinco sesións lectivas en horario de 09:30 horas a 14:30 horas de luns a venres.

Horario de permanencia no Centro:

Adicación ó centro (segundo o disposto na Orde do 22 de xullo de 1997):

Os mércores permanecerá no Centro a totalidade do profesorado de 15:30 a 17:30 coa seguinte distribución de tarefas:

De 15:30 a 16:30 horas:

- Visitas e reunións de pais.

De 16:30 a 17:30 horas:

- 1º mércores de mes: Reunión de ciclo (EI) e niveis educativos (EP).
- 2º mércores de mes: Reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- 3º mércores de mes: Reunión do EDLG.
- 4º mércores de mes: Reunión Equipo Biblioteca e Actividades Complementarias e Extraescolares.

De 17:30 a 18:30 horas:

- Reunións informativas, sesións de avaliación, de Claustro, Consello Escolar, programacións didácticas e calquera outra reunión precisa para o bo funcionamento do Centro.

- As reunións de Claustro e Consello Escolar faranse os mércores, sempre e cando fose posible ou en calquera día e hora se é preciso.

Os luns, martes e xoves a totalidade do profesorado do centro permanecerá nas instalacións do mesmo en horario de 15:30 a 16:30 horas. En todo caso, garantirase a presenza polas tardes de profesorado que ostente a representación oficial do Centro.

ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS (TRANSPORTE E COMEDOR ESCOLAR)

O alumnado ten garantidos os servizos de comedor e transporte nas mesmas condicións que ata agora.

Co cambio horario de xornada partida á xornada continuada, **non vai supoñer ningún cambio significativo** na organización dos servizos de transporte ou comedor escolar. O servizo de comedor continuará xestionado polo propio Centro coa participación das colaboradoras e colaboradores, tal como se ven desenvolvendo actualmente. Non suporá tampouco un cambio substancial no horario da comida do alumnado.

HORARIO DO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Entrada	De 09:15 a 09:30	De 09:15 a 09:30	De 09:15 a 09:30	De 09:15 a 09:30	De 09:15 a 09:30
Saída	De 15:15 a 15:30	De 15:15 a 15:30	De 15:15 a 15:30	De 15:15 a 15:30	De 15:15 a 15:30

HORARIO DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Entrada	14:30	14:30	14:30	14:30	14:30
Saída	15:15	15:15	15:15	15:15	15:15

Entendemos que o Comedor Escolar é un servizo educativo complementario, que debe atender á consecución de obxectivos relacionados coa saúde e a convivencia.

Neste Proxecto continúaase coa organización seguida ata agora: o Comedor será de xestión directa, administrado pola dirección do Centro, un encargado ou encargada de comedor e dous colaboradoras ou colaboradores correspondentes.

A organización do horario de tarde será como segue:

- O alumnado de transporte escolar, o que vai a pé e o que queda ás 15:30h. no centro para realizar algunha das actividades extraescolares propostas neste Proxecto, serán organizados polo persoal que atende cada día o comedor escolar.
- Os mércores, na segunda sesión de actividades extraescolares que comeza as 16:30h, será un membro da ANPA o/a encargado/a de organizar ao alumnado que este presente na Ludoteca e que acuda a dita actividade
- Ó remate das actividades extraescolares, ás 16:30h (luns, martes e xoves) e 17:30h (mércores), os mestres farán entrega do alumnado que permanecera nas mesmas ás distintas actividades extraescolares e ás nais/pais/titoras/titores legais.

PROXECTO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Actividades extraescolares: xustificación.

Xustifícase a importancia das actividades complementarias e extraescolares partindo da premisa que considera unha educación de calidade aquela que responde ás novas demandas sociais de modo eficaz e proporciona non só un incremento da súa calidade de vida, senón tamén igualdade, xustiza e oportunidades para todos. Neste contexto é no que se ha ir recoñecendo a contribución das actividades complementarias e extraescolares para lograr unha formación plena dos alumnos/as.

Por outra banda, este tipo de actividades permite unha maior participación da comunidade educativa na xestión, organización e realización das actividades, desenvolvendo valores relacionados coa socialización, a participación e a cooperación.

Este tipo de actividades promoven no alumno un sentimento de pertenza ao centro e ao grupo, axudan a conseguir que adquiran unha maior autonomía e responsabilidade na organización do seu tempo libre, favorecendo a autoestima nunha serie de alumnos e alumnas que nas materias escolares van mal e que moitas veces as actividades extraescolares danlle a oportunidade de destacar respecto dos seus compañeiros e compañeiras de maneira positiva.

Hoxe en día é fundamental mellorar as relacións entre alumnos e alumnas e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación. Para conseguir este obxectivo as actividades extraescolares e complementarias son unha forma distinta á formal de clase de conseguilo e promovelos.

Cada vez máis é necesario promover un tipo de actividades que favorezan a sensibilidade, a curiosidade, a creatividade así como as actividades culturais e deportivas para que os nosos alumnos e alumnas amplíen o seu horizonte cultural, sobre todo estando situado o noso centro nunha zona rural onde a oferta de

actividades culturais alleas ao centro son moi limitadas. É a nosa prioridade ampliar o horizonte cultural dos nosos alumnos e alumnas.

Por todo iso, estas actividades deben ter o seu lugar dentro da vida do noso Centro educativo, integrándose adecuadamente no conxunto das actividades educativas e facilitando a participación dos distintos sectores da comunidade educativa na elección, organización, desenvolvemento e avaliación das actividades complementarias e extraescolares.

Obxectivos xerais das actividades extraescolares.

Como obxectivos das actividades extraescolares fixamos os seguintes:

- Ofrecer aos alumnos/as do centro e á Comunidade Educativa a posibilidade de involucrarse nas distintas actividades extraescolares do Centro.
- Contribuir ao desenvolvemento integral do alumno/a, poñéndoo en contacto con diferentes técnicas e situacións de aprendizaxe co fin de potenciar aquelas habilidades que se pretenden coas actividades propostas.
- Estimular e potenciar aptitudes relacionadas coa creatividade, a expresión corporal e artística, autoestima, autonomía persoal, desenvolvemento físico e intelectual, etc.
- Estimular e potenciar actitudes de compañeirismo, axuda, cooperación, traballo en equipo, convivencia, orde, hábitos de comportamento, responsabilidade, ...
- Utilizar os espazos e os recursos do centro para pór ao alumno/a en contacto con outras persoas, situacións e lugares das que habitualmente coñece.

A organización das actividades extraescolares estará en función da demanda que as familias presenten.

O Centro ofrece o soporte de dita organización:

- Garantindo a apertura do Centro e das instalacións debidamente controlados.

- Requirindo o compromiso das entidades colaboradoras: Concello, ANPA.
- Estruturando e configurando a organización, para facer viable o desenvolvemento simultáneo e razoable de tódalas actividades.

Características das actividades.

- O Plan de actividades extraescolares do Concello, que se desenvolverá pola tarde, será semellante ó que se ven desenvolvendo na actualidade.
- O horario habitual das actividades no Centro será de **15:30h a 16:30h (luns, martes, xoves e venres) e de 15:30h a 17:30 h. (mércores)**, todos os días lectivos do curso excepto os meses de xuño e setembro.
- Todas as actividades caracterizaranse por:
 - a) Serán de carácter voluntario.
 - b) Serán actividades abertas e de interese para todo o alumnado deste Centro.
 - c) Non terán carácter discriminatorio.

Proposta de actividades extraescolares.

Como principais condicións facemos referencia ás seguintes:

- As actividades deportivas e culturais, serán impartidas polos monitores e monitoras do Concello ou membros da ANPA cualificados para o desenvolvemento de ditas actividades.
- A ANPA, o propio Centro e distintas asociacións, poderán ofertar outro tipo de actividades, sendo potestade do Consello Escolar do Colexio a súa aceptación.
- Na Programación Xeral Anual plasmarase o horario de apertura da Biblioteca.
- Durante o tempo que duren as actividades extraescolares do Centro, haberá un turno de mestres/as de garda diarios que ostentarán a representación oficial do mesmo.

- Os espazos nos que se levarán a cabo as distintas actividades serán os que dispón o Centro e o propio Concello.

- Os horarios actuais das actividades municipais, adaptaranse á nosa xornada, no caso de que haxa modificación de horario. Por outra banda, debemos lembrar que a **Biblioteca Municipal do Concello**, permanece aberta de luns a venres en horario de tarde de 16:30 a 20:00 horas.

A proposta de actividades extraescolares a levar a cabo a partir do vindeiro ano académico 2018/19 é a que se recolle no seguinte cadro:

ACTIVIDADE	LUGAR	TEMPORALIZACIÓN	COSTE	ORGANIZADOR
Actividades proxecto documental do centro	Biblioteca escolar.	De luns, martes e xoves de 15:30 horas a 16:30 horas.	Gratuita	Centro
Obradoiro de animación teatral e baile.	Dependencias do centro.	Mércores de 15:30 horas a 17:30 horas.	Gratuita	ANPA
Ludoteca	Dependencias do centro.	Luns de 15:30 horas a 16:30 horas.	Gratuita	ANPA
Multideporte	Ximnasio e polideportivo do centro.	Martes de 15:30 horas a 16:30 horas.	Gratuita	ANPA
Gaita Galega	Dependencias do centro.	Venres de 15:30 horas a 16:30 horas.	Gratuita	Concello
Idiomas (Francés/Inglés)	Dependencias do centro.	Xoves de 15:30 horas a 16:30 horas.	Gratuita	ANPA

Horario de recollida.

As familias poderán recoller ó alumnado unha vez rematado o horario lectivo en catro horarios distintos:

14:30h	Ao finalizar as clases.
15:30h	Ao rematar o servizo de comedor escolar.
16:30h	Ao rematar a 1ª sesión de actividades extraescolares.
17:30h	Ao rematar a 2ª sesión de actividades extraescolares.

Garantías.

En calquera caso garantirase:

- As 5 horas lectivas diarias.
- Funcionamento dos servizos educativos complementarios ofertados na actualidade: Transporte Escolar e Comedor Escolar coa xestión actual.
- As xuntanzas dos órganos de goberno e de coordinación docente do Centro, así como a atención a pais/nais/titores legais do alumnado.

AVALIACIÓN

AVALIACIÓN EXTERNA

Recollida na orde 29 de Maio do 2008.

Esta avaliación será realizada pola Administración cos procedementos que considere máis oportunos e que recolle a Orde.

AVALIACIÓN INTERNA

As actividades avaliaranse no Consello Escolar, ben sexa nunha das reunións ordinarias do mesmo ou ó remate da actividade. Para levala a efecto terase en conta o informe dos responsables das actividades, que previamente terán recollida a información dos coordinadores e transmitida a información ó Equipo Directivo, podéndose orientar mediante a consideración dos seguintes criterios:

- Nivel de asistencia do alumnado.
- Calidade das actividades impartidas.
- Coordinación efectiva das actividades.
- Rendemento xeral dos participantes.
- Grao de aceptación e satisfacción por parte dos alumnos, monitores e pais/nais/titores legais.
- Propostas, se da lugar, de corrección nalgún apartado da actividade, cambio de enfoque, melloras que se poidan introducir, etc.

REFLEXIÓN FINAL

A idea deste Proxecto de cambio de xornada xurde polo interese amosado pola maioría dos sectores da Comunidade Educativa: os pais/nais/titores legais, a ANPA, o Claustro de mestres e o Consello Escolar que os reúne a todos.

Creemos que os horarios de funcionamento dos centros deben ser tratados dentro dun contexto global de xornada escolar, diferenciando a do Centro, a do profesorado e a do alumnado, de maneira que as actividades lectivas se desenvolvan en horario continuo de mañá e, no resto do horario, poida levarse a cabo unha programación extraescolar acorde coas características propias de cada centro, cunha planificación axeitada que garanta todos os servizos escolares, respectando sempre o transporte e comedor escolar.

A experiencia doutros centros que teñen implantado este modelo, mostran un alto grao de satisfacción de toda a comunidade educativa, que permite aproveitar mellor o reparto do tempo para realizar polas tardes outras actividades educativas enriquecedoras dirixidas por monitores cualificados, utilizando as instalacións cun maior aproveitamento dos espazos e dos tempos.

As vantaxes parécennos evidentes, porque permiten un horario máis racional. Permiten planificar mellor o tempo de estudo e de lecer, xa que ofrece un abano máis amplo de posibilidades ás familias, garantindo a posibilidade de participación dun maior número de alumnos/as. Tamén creemos que favorece a convivencia familiar e a conciliación da mesma, ofrecendo uns horarios máis abertos e con mellores posibilidades.

Para rematar, a función docente exerce de xeito máis racional, ó equilibrar os horarios, permitindo un espazo flexible pola tarde para reunións. Permite tamén un maior aproveitamento dos recursos existentes no mundo educativo.

O Bolo a 15 de febreiro de 2018.